

## Kogito - Ska feito na Galiza no espectáculo A ROSALIA.

Escrito por IEM

Mércores, 30 Outubro 2013 20:02

---



-Vídeo da banda Kogito - Ska feito na Galiza no espectáculo A ROSALIA. Intervención poética das escritoras Rexina Vega e Marta Dacosta.

Kogito – Ska feito na Galiza é unha banda que nace en 1999 en Vigo e que, como o seu nome indica, ten o seu centro de gravidade musical no ska e no rock visto e entendido dende Galiza.

Durante todos estes anos a banda mudou en compoñentes e estilo musical pero o espírito segue sendo o mesmo, compromiso e festa. Gañas de pasalo ben e comunicar sen esquecer a reivindicación e poñendo o acento no uso do galego como o noso máis importante sinal de identidade.

Dous Ep's en 2005 e 2006 respectivamente abriron o camiño cara ao seu 1º LP “Autómatas” de 2009 que plasmou anos de traballo e de actuación por todo o estado en centos de concertos e nalgúns dos festivais máis importantes do circuíto.

Ska, Rock, Reggae, Cumbia e demais estilos feitos na Galiza compoñen esta mestura que significa Kogito – Ska feito na Galiza. Durante o espectáculo A ROSALIA interpretaron os temas **Vamos bebendo** e **Unha vez tiver un cravo**, textos de Rosalía de Castro con arranxos do grupo.

## **Kogito - Ska feito na Galiza no espectáculo A ROSALIA.**

Escrito por IEM

Mércores, 30 Outubro 2013 20:02

---

### **Compoñentes:**

- Saúl Lorenzo – Batería
  
- Mario López – Baixo
  
- Juan Martínez – Guitarra
  
- Alex Belerdas – Trombón
  
- Manu Otero – Trompeta
  
- Carlos Méixome – Saxo Tenor

### **Discos gravados:**

- ... ergo sum (2005)
  
- Tipo Feliz (2006)
  
- Autómatas (2009)

{youtube}VVbhrH8t3ZM{/youtube}